

**Segundo. Objeto:**

La finalidad de esta subvención es la concesión de subvenciones para la organización de eventos deportivos durante el año 2021.

**Tercero. Bases reguladoras:**

Acuerdo de la Junta de Gobierno de 14 de junio de 2021 por el que se establecen las bases reguladoras y se anuncia la convocatoria de subvenciones a entidades deportivas y otras entidades sin ánimo de lucro con domicilio social en la provincia de Ourense para la organización de eventos deportivos 2021.

**Cuarto. Importe:**

El importe de la consignación prevista asciende a un total de 60.000,00 euros, con cargo a la aplicación 341.11/482.06 de los presupuestos de la Diputación Provincial de Ourense para el ejercicio 2021.

**Quinto. Plazo de presentación de solicitudes:**

1. El plazo improrrogable de presentación se iniciará a partir de la publicación de la convocatoria regulada en estas bases en la Base de Datos Nacional de Subvenciones, y rematará el 31 de julio de 2021, siendo este el último día en el que podrán presentarse válidamente las solicitudes.

2. Los solicitantes solamente podrán presentar, como máximo, tres solicitudes al amparo de esta convocatoria, debiendo presentar una solicitud para cada uno de los proyectos para los que se pide subvención. No se admitirá la presentación de más de tres proyectos, por lo que no se admitirán a trámite todas las solicitudes que infrinjan lo establecido en esta base.

Ourense, 21 de junio de 2021. El presidente.

Fdo.: José Manuel Baltar Blanco.

R. 1.915

## Deputación Provincial de Ourense

Para os efectos oportunos, publícase que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 14 de xuño de 2021, adoptou o acordo de aprobación das bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2021, con suxeición ás seguintes cláusulas:

**Primeira.- Obxecto**

1. O obxecto desta convocatoria é a regulación do procedemento para a concesión, pola Deputación Provincial de Ourense, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos realizados ou para realizar durante o exercicio de 2021, coa finalidade de contribuír ao mantemento dunha actividade deportiva ampla, orientada ao público en xeral e baseada principalmente nos conceptos de deporte - saúde e deporte para todos.

2. Para os efectos desta convocatoria, considéranse eventos deportivos os que reúnan os seguintes requisitos:

Actividades físico-deportivas de carácter específico e puntual, que impliquen a práctica de disciplinas deportivas recoñecidas polas federacións deportivas, ou actividades físicas semellantes, ben sexa con carácter competitivo ou con carácter non competitivo, tales como campionatos e torneos, carreiras, andainas ou rutas de sendeirismo e marchas ou rutas cicloturistas, que se desenvolvan maioritariamente na provincia de Ourense.

3. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria, as seguintes actividades:

a) Aquelas competicións, ligas, actividades ou programacións que puidesen ter encaixe dentro de calquera outro programa de subvencións da Deputación Provincial de Ourense. (Copas

Deputación, bolsas para deportistas ou subvencións para os gastos de mantementos de clubs, etcétera)

b) Aquelas actividades que polo seu carácter predominantemente gastronómico, turístico ou cultural, non poden clasificarse como actividades físico-deportivas, conforme coa definición recollida no apartado 2 destas bases.

c) Aquelas actividades que polas súas especiais características comporten a realización de actividades físicas que, pola súa intensidade, extensión temporal, sometemento a risco grave de accidente ou calquera outra característica, excedan dunha práctica deportiva normal e saudable. Aglutínanse dentro desta categoría eventos que comportan deportes catalogados como "extremos", exhibicións de forzudos tipo "strongmen", probas de atletismo de forza ou probas de resistencia de longa duración como carreiras de tipo ultratrail, triatlóns de categoría "ironman", probas cicloturistas de distancia excesiva ou competicións denominadas popularmente como "maratón", que se desenvolven sen procurarles aos participantes os lóxicos descansos reparadores e saudables.

d) Aquelas actividades que excedan da duración propia dun evento deportivo puntual, tales como campus deportivos, campamentos de verán, ligas, ou outros que poidan ter a consideración de programas deportivos.

e) Actividades de carácter formativo ou divulgativo.

f) Aqueles eventos que teñan por obxectivo no seu desenvolvemento procurar o sufrimento e/ou morte de animais.

**Segunda.- Beneficiarios**

Poderán ser beneficiarios deste programa:

Entidades deportivas e outras entidades sen ánimo de lucro con enderezo social na provincia de Ourense, que contemplan nos seus estatutos, como obxecto social, entre outros, a promoción e difusión do deporte na nosa provincia.

No caso de eventos propostos por estruturas federativas, a solicitude poderá proceder da federación galega da modalidade respectiva.

**Terceira.- Disponibilidades orzamentarias**

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 34111/48206 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021.

A contía total máxima estimada é de sesenta mil euros (60.000,00 €).

**Cuarta.- Contía máxima das subvencións**

A contía das subvencións obxecto desta convocatoria consistirá nunha porcentaxe do orzamento da actividade, podendo acadar, como máximo, o 50% do custo estimado da actividade, non podendo superar, en ningún caso, a contía máxima de dez mil euros por beneficiario (10.000,00 €).

En consecuencia, ningún beneficiario poderá obter, ao abeiro desta convocatoria, subvencións por importe superior a 10.000,00 € para o conxunto dos distintos proxectos que presente ao longo do período subvencionable. Para a aplicación desta regra, nos supostos en que unha entidade presentase diferentes proxectos cuxa valoración conforme co establecido na base 9ª determinase a obtención dunha contía superior ao límite máximo de 10.000,00 €, a Deputación concederá as subvencións na contía que proceda de conformidade coa dita valoración, seguindo estritamente a orde de puntuación dos distintos proxectos e ata acadar o límite dos 10.000,00 €, quedando denegada a subvención para os proxectos aos que correspondería a contía excedentaria do dito límite. No suposto en que a valoración asignada a un proxecto exceda só parcialmente ese límite, a contía da subvención axustarase ata ese límite máximo.



Quinta.- Solicitudes: lugar e forma de presentación, prazo e documentación:

Quinta 1. Lugar e forma de presentación:

As solicitudes, subscritas polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade a través de calquera das seguintes modalidades:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na oficina de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) De forma telemática, a través do Rexistro Xeral da sede electrónica da Deputación <http://www.sede.depourense.es/>

Quinta 2. Prazo de presentación:

1. O prazo improrrogable de presentación iniciárase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, e rematará o 31 de xullo de 2021, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

2. Os solicitantes soamente poderán presentar, como máximo, tres solicitudes ao abeiro desta convocatoria, debendo presentar unha solicitude para cada un dos proxectos para os que se pide subvención. Non se admitirá a presentación de máis de tres proxectos, non admitíndose a trámite todas as solicitudes que infrinxan o establecido nesta base.

Quinta. 3. Documentación que debe presentarse:

As solicitudes deberán formularse achegando dous tipos de documentación: en primeiro lugar, documentación administrativa, para a acreditación do cumprimento dos requisitos para a participación na convocatoria; en segundo lugar, documentación valorable, para a valoración dos méritos do solicitante.

De conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non é esixible que a documentación presentada sexa orixinal, polo que, tanto na modalidade de presentación presencial como na de presentación telemática, se admitirá a presentación de copias simples.

Non obstante o anterior, nos casos en que a copia presentada suscite dúbidas pola súa calidade, a Deputación poderá solicitar de xeito motivado o cotexo da copia presentada, para o que se poderá requirir a exhibición do documento ou información orixinal.

O detalle da documentación administrativa e valorable que debe presentarse é o seguinte:

a) Documentación administrativa para presentar:

a.1) Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

a.2) Estatutos sociais da entidade.

a.3) Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme cos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación se probará mediante documento acreditativo do seu nomeamento ou elección.

Os solicitantes estarán eximidos de presentar os estatutos sociais da entidade (apartado a.2) e o poder co que actúe o representante da entidade (apartado a.3) cando estes documentos xa constasen en poder da Deputación, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten

neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior.

a.4) Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de acharse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

a.5) Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

a.6) Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

a.7) Para os efectos de difusión do evento na páxina web de deportes desta Deputación Provincial:

([www.deportes.depourense.es](http://www.deportes.depourense.es)), os solicitantes deberán cubrir os datos relativos ao dito evento, no seguinte enlace:

<http://deportes.depourense.es/acheganos-o-teu-evento/>, coa antelación suficiente á realización do evento no caso de que aínda non se realizase, para os efectos de que a Deputación Provincial sexa coñecedora da súa realización para os efectos oportunos.

Nos supostos de que o evento xa se realizase no momento de presentación da correspondente solicitude, deberanse cubrir os datos igualmente na antedita páxina web.

A presentación do documento sinalado no apartado a.6) non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará comunicación individual ningunha ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica, páxina web da Deputación e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 8ª e 11ª, respectivamente.

a.8) De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o DNI do representante, o NIF da entidade e o certificado de inscrición no rexistro oficial correspondente ao tipo de entidade de que se trate, dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar a dita documentación coa solicitude. A oposición a esta consulta poderá formularse mediante un escrito que se unirá á solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente,



concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

b) Documentación para a valoración das solicitudes:

1.- Proxecto explicativo da actividade que se pretende, comprensiva, cando menos, da seguinte información, conforme ao modelo recollido no anexo V.

a) Denominación do evento con indicación de modalidade deportiva, lugar e datas de realización.

b) Descrición e obxectivos que se pretenden coa organización da actividade.

c) Categoría, antigüidade e duración.

d) Volume de participación e incidencia da participación de mulleres, persoas con discapacidade e base deportiva.

2.- Orzamento de gastos e ingresos da actividade desagregado por conceptos. (Anexo VI). Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só será de aplicación á documentación administrativa.

3.- Se é o caso, unha memoria do desenvolvemento en exercicios anteriores da mesma actividade para a que se solicita subvención, achegando recortes de prensa, fotos, información na web, datos sobre o desenvolvemento da actividade, participantes e calquera información que sirva para constatar a evolución e incidencia social do proxecto ou actividade, así como a adopción destas medidas de publicidade durante o tempo de celebración do evento.

Advertítese expresamente que non serán obxecto de valoración, denegándoseles a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se achegue, cando menos, o proxecto descritivo da actividade co contido definido nos apartados a), b), c) e d) e o orzamento do punto 2. Procederáse de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopan incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.

4. Cada petionario de axuda deberá presentar unha solicitude no modelo anexo I, ata un máximo de tres, para cada proxecto diferenciado de eventos deportivos para o que se solicite subvención, acompañada do correspondente proxecto descritivo conforme co establecido no apartado anterior.

Cando se trate de solicitudes presentadas na mesma data, no que se refire á documentación administrativa distinta da solicitude no modelo anexo I, terá carácter común para todos eles, bastando con que se presente nunha das solicitudes.

Cando se trate de distintas solicitudes presentadas ao longo do período subvencionable, deberase presentar de novo a documentación administrativa coa salvidade do disposto na base quinta.

Quinta 4. Regras de presentación en papel da documentación esixible:

Cando os interesados presenten en papel a solicitude e a documentación anexa, deberán presentar a dita documentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial ou de calquera outro lugar dos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de presentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial, a oficina dixitalizará os documentos, emitindo unha copia electrónica auténtica destes, que se lle remitirá á unidade administrativa competente pola propia oficina. Os documentos en papel presentados devolveránselle no acto ao interesado, en unión dun

recibo acreditativo da presentación da solicitude e a documentación anexa.

Para estes efectos, a documentación presentada debe entregarse á oficina debidamente ordenada e en follas soltas de tamaño DIN A-4, sen grampar nin encadernar, co fin de facilitar o proceso de dixitalización dos documentos.

Quinta 5. Regras de presentación telemática da documentación esixible:

Cando os interesados opten pola presentación telemática no rexistro electrónico da Deputación, deberán acceder ao rexistro na sede electrónica da Deputación, procedendo do seguinte xeito:

a) Deberán cubrir a solicitude e todos os anexos que estarán dispoñibles na sede electrónica. Non é obrigatorio, non obstante, cubrir o anexo IV, pero en caso de non presentarse, non se lle formulará comunicación individual ningunha ao interesado durante o procedemento.

b) Unha vez cubertos a solicitude e todos os anexos, así como achegada o resto de documentación, procederán a asinar electronicamente e enviar a súa solicitude, xerándose automaticamente o recibo acreditativo da súa presentación. A sinatura electrónica deberá realizarse mediante os sistemas de sinatura electrónica previstos no artigo 10.1, apartado a), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quinta 6. Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

Sexta.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e garantías dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e información esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte co indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, nº 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988 317 600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial pode contactarse polos seguintes medios: domici-



lio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, nº 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988 317 600 e correo electrónico: DPD@depourense.esc) Os datos subministrados coa solicitude se destinan unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial [www.depourense.es](http://www.depourense.es) as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben por solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que conste no expediente atoparse a disposición doutros interesados no procedemento para os seus efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedinte (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público (fomento da práctica deportiva e incentivo aos deportistas ourensáns cualificados) perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras o expediente previo contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

- f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

- g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

- h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases.

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial.

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

- i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

- k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

- l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Sétima.- Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, forman parte do desenvolvemento dun evento deportivo como gastos inherentes e necesarios para a súa realización, tales como dereitos de arbitrxes, desprazamentos, material deportivo, alugamento de instalacións, trofeos, medallas, gastos de manutención de deportistas ou persoal da organización, publicidade e difusión, servizos de seguridade e orde, atención sanitaria, seguros, e calquera outro que sexa preciso para levar a cabo a actividade.

Expresamente, non terán tal consideración os gastos para almorzos que non correspondan á manutención de deportistas ou persoal de organización, honorarios profesionais, ou todos aqueles que, pola súa natureza, resulten desproporcionados cos obxectivos que se pretenden con este tipo de subvencións.

Oitava.- Procedemento de concesión:

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. As solicitudes remitiránse ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Para achegar esta documentación, poderá utilizarse como

oficio de remisión o modelo recollido no anexo VII destas bases.

Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos para realizar durante o exercicio de 2021. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web.

3. Unha vez concluído o trámite de emenda de deficiencias e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá un informe co contido previsto no artigo 7.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e remitiralle o actuado á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta provisional de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dez días hábiles mediante un anuncio no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial:

(<http://sede.depourense.es>) e na páxina web:

<http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos para realizar durante o exercicio de 2021. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 11ª.

Novena.- Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o deputado delegado de Facenda.
- A interventora da Deputación ou funcionario/a que legalmente a substitúa.
- O secretario xeral da Deputación ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- O xefe do Servizo de Deportes, ou funcionario/a que legalmente o substitúa.

- Un técnico deportivo de recoñecida e contrastada competencia.

Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Se é o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia deportiva, que actuarán como asesores da comisión.

Os membros da comisión estarán suxeitos ás cláusulas de abstención e recusación previstas no artigo 23 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décima.- Criterios de valoración para a concesión de subvencións:

Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios:

1) Orzamento da actividade. Valorarase tanto o importe do orzamento da actividade como o esforzo económico que se reflicte no orzamento presentado, entendéndose como tal a maior porcentaxe de autofinanciamento ou financiamento con recursos privados. (Ata 40 puntos).

- Maior orzamento: 25 puntos, resto proporcionalmente.

- Maior esforzo económico: 15 puntos, resto proporcionalmente.

2) Categoría competitiva do evento. Dando maior puntuación canto máis importante sexa a actividade (Ata 40 puntos).

3) Antigüidade: dándolles maior puntuación ás actividades solicitadas con máis forte tradición no panorama deportivo ourensán. (Ata 10 puntos).

4) Duración: dando maior puntuación cantas máis xornadas teña a actividade. (Ata 10 puntos).

5) Volume de participación: neste apartado valorarase o número de participantes nas actividades, primando o maior volume de participación, ponderado en función do tipo de actividade de que se trate, segundo sexa. (Ata 20 puntos):

- Deporte de carácter federativo (fases ascenso, torneos, partidos, e calquera competición de modalidades recoñecidas oficialmente).

- Deporte espectáculo (público potencial nas propostas que se refiren exclusivamente a “deporte espectáculo”: “rallys”, “campionatos e torneos de exhibición”, “carreiras profesionais ciclismo”, e competicións nas que a presenza de público é significativa e determinante”.

- Actividades deportivas de carácter popular. (Andainas, carreiras, eventos populares, etcétera).

Con respecto a este criterio, advírtese que a Comisión de Valoración non estará vinculada pola previsión de participación indicada polos solicitantes, podendo realizar as actuacións de verificación que considere oportunas, entre elas a comparación co volume de participación en edicións anteriores, de ser o caso.

6) Muller, discapacitados e deporte base: a maior participación destes colectivos na actividade (Ata 10 puntos).

A Comisión de Valoración, en atención ao número de proxectos solicitados, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións. Se é o caso, os proxectos que obteñan unha puntuación inferior á mínima establecida pola comisión incluíranse na lista de reserva prevista na base 10ª.

Con independencia da súa valoración, en ningún caso se lle concederá a un proxecto unha subvención superior á da contía pedida na solicitude.



En todo caso, a valoración terá carácter individualizado para cada proxecto que se presente, aplicándose as regras establecidas na base 4ª para a asignación da contía das subvencións.

Décimo primeira.- Resolución:

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de tres meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitará á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida. O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención, se é o caso, poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Décimo segunda.- Publicación do acordo de concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos para realizar durante o exercicio de 2021, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo terceira.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e, de ser o caso, na páxina web da entidade e na páxina web de deportes indicada na base quinta.

En caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumplan tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Non obstante, non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade á resolución desta convocatoria.

Décimo cuarta.- Xustificación e pago da subvención:

1. A subvención xustificarse mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Para a realización desta memoria, poderase utilizar o modelo recollido no anexo VIII.

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión. Para a realización desta relación, poderase utilizar o modelo recollido no anexo IX destas bases.

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade. Para a realización desta relación, poderase utilizar o modelo recollido no anexo X destas bases.

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indicaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social:

- Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención igual ou inferior a 3.000,00 euros, deberán achegar unha declaración responsable comprensiva do feito de non incorrer o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderase utilizar o modelo recollido no anexo II destas bases.

- Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención superior a 3.000,00 euros, deberán achegar certificados actualizados emitidos polos órganos correspondentes, de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

E) Factura xustificativa dos gastos (ordinaria ou simplificada, de proceder esta última) en orixinal ou duplicado ou copia simple.

Nos supostos de premios en metálico, estes deberanse xustificar mediante cheque nominativo ou transferencia bancaria, podendo solicitarse no caso do talón, a acreditación bancaria do seu cargo.





Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, o gasto xustificárase mediante recibín asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) acompañado do xustificante de pago a través de entidade bancaria e, se é o caso, do documento de ingreso a favor da administración tributaria do importe retido en concepto de IRPF; excluírase a xustificación por non cumprir coas obrigas fiscais.

- No caso de gastos de arbitrxes de actividades deportivas, achegarase, ademais do sinalado no parágrafo anterior, unha certificación do correspondente colexio de árbitros ou entidade que asuma as súas funcións, acreditativa do gasto realizado.

- No caso de gastos de desprazamentos de deportistas con medios propios, deberase presentar unha declaración xurada dos desprazamentos ao prezo máximo de 0,19 euros por km, asinada polo deportista e co visto e prace do presidente e secretario da entidade.

Ademais, os desprazamentos xustificados mediante recibos, deberá constar sempre o lugar de orixe e de destino, así como os días dos desprazamentos, quilómetros diarios e o prezo por quilómetro. Os outros gastos como peaxes, comidas/ceas etcétera, que non se xustifiquen como axudas de custo, xustificados mediante recibo, só serán tidos en conta, se ao recibo se xunta o correspondente ticket.

En todo caso, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

F) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

G) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación dunha copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

2. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

3. A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.

4. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos

seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se produxisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, deran lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificativo sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención concedida.

5. De advertirse deficiencias de carácter corrixible na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 45.1b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos para realizar durante o exercicio de 2021. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

6. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declararase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

7. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

8. Sen prexuízo do anterior (e adicionalmente ao control financeiro simplificado previsto no apartado 2, parágrafo 2º



desta base) a Intervención da Deputación Provincial poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

9. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación como data límite o 30 de outubro de 2021. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 30 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

Tanto a xustificación como a renuncia poderán presentarse en calquera dos lugares previstos na base quinta, de forma presencial ou telemática. Serán de aplicación as regras establecidas na base quinta para a presentación en papel ou telemática das solicitudes (referidas á documentación da conta xustificativa á que se refire esta base), así como a inexistencia da obriga de presentación de documentación orixinal.

10. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a pedimento dos interesados, suxeitos á constitución de garantía por importe do 100% do anticipo solicitado. Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

a) Aval de entidade de crédito

b) Seguro de caución

c) Fianza en metálico

d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000,00 euros, admitirase fianza solidaria prestada por dúas ou máis persoas físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.

Non obstante o anterior, estarán exentas da prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que, no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante.

11. Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a solicitude previa do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas do gasto correspondente.

En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Décimo quinta.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

Décimo sexta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas:

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o Inorde, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Así mesmo, estas subvencións tamén serán compatibles con outras subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Ourense ou do seu organismo autónomo, o Inorde, sempre que se traten de procedementos de concorrencia competitiva, coas excepcións previstas na base primeira e sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Décimo sétima.- Reintegro ou perda do dereito á subvención:

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluirá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ao 100% do seu custo, a Deputación Provincial reducirá proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Unha vez concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditarase a resolución que corresponda pola Xunta de Goberno.

Décimo oitava.- Normativa supletoria

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2º.- Os anexos aos que fan referencia as citadas bases figuran, para coñecemento e efectos oportunos, na Sección de Subvencións, e publicaranse, xunto co pertinente acordo, no BOP e na sede electrónica da Deputación.

3º.- Aprobar a convocatoria do referido concurso e ordenar a publicación do correspondente anuncio no BOP e na sede electrónica da Deputación.

Contra este acordo pódese interpor, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos os recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Ourense, 16 de xuño de 2021. O deputado delegado de Economía e Facenda.

Asdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.  
(Ver anexos páx. 11-22)